



## **Chamamento**

### **CONSULTA POPULAR ESTATAL MONARQUÍA OU REPÚBLICA 9 de maio de 2020**

Nas sociedades democráticas os pobos deciden sobre todas as cuestións que lles concirnen, entre elas sobre unha das importantes, a forma de Estado. A maioría da poboación actual non tivo oportunidade de votar a Constitución de 1978; pero quen si puido facelo, non tivo a opción de elixir sobre a forma de Estado, xa que foi furtado do debate na chamada transición democrática. Nin naquel momento nin posteriormente puidemos decidir.

Por iso, numerosas organizacións e colectivos constituímos unha plataforma unitaria para impulsar unha consulta popular estatal Monarquía ou República e que a cidadanía poida pronunciarse sobre unha destas dúas opcións.

Somos conscientes de que esta consulta non poderá ter un carácter vinculante, pero é unha vía de expresión, participación cidadá e un acto democrático co que, ademais, exercemos o noso dereito a decidir sobre todo o que nos incumbe.

Será o 9 de maio de 2020 e podes participar nesta xornada votando, pero a túa participación pode ir moito máis alá: difundindo a consulta, formando parte dos grupos de traballo territoriais que se están creando e promovendo a constitución das mesas de votación. Tes toda a información na páxina web [plataformaestatalmonarquiaorepublica.org](http://plataformaestatalmonarquiaorepublica.org)

O próximo 9 de maio vai ser unha gran xornada de participación democrática e libre expresión popular na que poderemos votar sobre se queremos Monarquía ou República como forma de Estado.

**DIFUNDE, IMPULSA, ORGANIZA, PARTICIPA**

**Ti DECIDES!**